

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA

**8747** *Real decreto 366/2021, do 25 de maio, polo que se desenvolve o procedemento de presentación e ingreso das autoliquidacións do imposto sobre as transaccións financeiras e se modifican outras normas tributarias.*

A Lei 5/2020, do 15 de outubro, do imposto sobre as transaccións financeiras, introduce en España este gravame, coa finalidade de contribuír ao obxectivo de consolidación das finanzas públicas e de reforzar o principio de equidade do sistema tributario.

A aplicación desta lei exige determinadas precisións regulamentarias para desenvolver algunhas cuestións previstas nela, fundamentalmente o procedemento de presentación e ingreso das autoliquidacións do imposto previsto no artigo 8 da Lei do imposto, xa se efectúe a través dun depositario central de valores establecido en territorio español, xa polo propio suxeito pasivo.

O presente real decreto responde a estes obxectivos e estrutúrase en dez artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria e seis disposicións derradeiras.

As normas contidas neste real decreto encontran habilitación tanto nas remisións específicas que a propia lei efectúa como na habilitación xeral contida na súa disposición derradeira segunda, e dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

O artigo 1 define o obxecto do real decreto, que é o desenvolvemento do procedemento de presentación e ingreso das autoliquidacións do imposto.

Os artigos 2 ao 6 concretan o citado procedemento de presentación e ingreso de autoliquidacións a través dun depositario central de valores establecido en territorio español, distinguindo os distintos supostos en que resulta aplicable tal procedemento e detallando a canalización da información e do importe da débeda tributaria desde o suxeito pasivo ata a Administración tributaria.

Trátase dun procedemento innovador no noso ordenamento tributario, mediante o cal o depositario central de valores presentará en nome e por conta do suxeito pasivo unha autoliquidación por cada suxeito pasivo e ingresará o importe da débeda tributaria correspondente.

A adopción deste procedemento xustifícase polas especiais características deste imposto, e conta como antecedente o sistema de recadación do imposto análogo francés.

Previsiblemente, unha porcentaxe significativa dos suxeitos pasivos serán non residentes en territorio español, sen apenas vínculos coa Administración tributaria española por canto se trata de intermediarios financeiros cuxa actividade en moitos casos se concreta en emitir, para as executaren os membros dos mercados, ordes de compra de accións por conta dos seus clientes adquirentes.

Para facilitar a presentación e o pagamento das autoliquidacións por parte dos suxeitos pasivos prevese, con carácter xeral, o encamiñamento do importe do imposto que haxa que pagar e dos datos que deben constar na autoliquidación a través dos suxeitos que participan na liquidación e rexistro da adquisición das accións que dá lugar á devindicación do imposto.

Desta forma, créase unha canle para o pagamento do imposto similar á xa utilizada para a adquisición das accións, en que serán as entidades participantes no depositario central de valores as encargadas en última instancia de lle facer chegar a este os fluxos de datos e monetarios.

Por outra parte, este procedemento suporá unha xestión máis eficaz do imposto por parte da Administración tributaria, por canto lle permitirá relacionarse cun único interlocutor en lugar de con múltiples suxeitos pasivos, sen prexuízo das obrigacións tributarias destes

e do exercicio das facultades de comprobación que corresponden á Administración tributaria.

Atendendo ás consideracións anteriores, a configuración dos distintos supostos de presentación e ingreso das autoliquidacións polo depositario central de valores ten por finalidade canalizar a través del o maior número posible de autoliquidacións.

Así, este procedemento establécese con carácter obrigatorio para aqueles casos en que o suxeito pasivo teña unha relación directa co depositario central de valores ou con algunha das súas entidades participantes, por considerarse que esta relación de proximidade permite a posibilidade de utilizar esta vía.

Para os restantes supostos, a presentación e o ingreso a través dun depositario central de valores configúrase como optativa para o suxeito pasivo, dado que nestes casos é posible que se requira a formalización dun acordo cun intermediario financeiro terceiro que sirva de nexo entre o suxeito pasivo e algunha das entidades participantes no depositario central de valores.

Agora ben, coa finalidade de que non se produza unha fragmentación de autoliquidacións por suxeito pasivo e período de liquidación, se o suxeito pasivo se acolle a algunha das opcións ou concorre o suposto de presentación obrigatoria a través do depositario central de valores, deberá utilizar esta mesma vía para declarar e ingresar o imposto por todas as adquisicións suxeitas correspondentes ao mesmo período.

Nos supostos en que proceda realizar a presentación e ingreso das autoliquidacións por un depositario central de valores, os suxeitos pasivos deberán proporcionar a este, ben de forma directa en caso de ser entidade participante, ben de forma indirecta a través dunha entidade participante, o importe da débeda tributaria, así como determinados datos de cada adquisición suxeita (exenta ou non exenta), na forma que determine o depositario central de valores e, en todo caso, antes do inicio do prazo para a presentación da autoliquidación e ingreso do imposto.

Unha vez recibida a información e o importe da débeda tributaria, o depositario central de valores presentará e ingresará as autoliquidacións correspondentes nos prazos sinalados no artigo 6.

Entre as opcións de presentación a través dun depositario central de valores establecido en territorio español, no artigo 7 recóllese a posibilidade de que se poidan concluír acordos de colaboración entre un depositario central de valores establecido en territorio español e un depositario central de valores non establecido no dito territorio co obxecto de que, en virtude de tales acordos, o depositario central de valores establecido en territorio español presente e ingrese as autoliquidacións en nome e por conta do suxeito pasivo.

O artigo 8 regula a presentación e o ingreso das autoliquidacións do imposto polo propio suxeito pasivo cando non proceda por parte dun depositario central de valores establecido en territorio español.

O artigo 9 prevé a posibilidade de que, para os efectos da liquidación do imposto, o suxeito pasivo poida optar por utilizar a data teórica de liquidación, que será, no caso de operacións efectuadas en centros de negociación, o segundo día hábil posterior á data de execución da transacción, sen ter en conta as eventualidades que poidan atrasar a data efectiva da liquidación.

O artigo 10 introduce un procedemento alternativo ao previsto nos artigos 126 ao 128 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, que permite rectificar de forma áxil na propia autoliquidación operacións incorrectamente declaradas que desen lugar a cotas ingresadas nunha autoliquidación anterior, sen que, en ningún caso, o resultado da autoliquidación en que se efectúa a rectificación poida ser negativo.

A disposición adicional primeira refírese ás obrigacións de conservación e mantemento á disposición da Administración tributaria da información con transcendencia tributaria relativa a este imposto que, en desenvolvemento do previsto no artigo 8.5 da Lei do imposto, incumben ao depositario central de valores e ás súas entidades participantes.

A disposición adicional segunda dispón que a Administración tributaria publicará, con efectos meramente informativos, a lista de sociedades cuxas accións se someten a gravame a partir da relación de sociedades comunicada pola Sociedade de Bolsas.

Para os efectos de que todos os intervenientes no proceso de presentación e ingreso de autoliquidacións dispoñan dun tempo razoable para a adaptación dos seus sistemas, a disposición transitoria única establece que a presentación e o ingreso das primeiras autoliquidacións do imposto, as correspondentes a xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2021, se efectuarán no prazo previsto para a presentación e o ingreso da autoliquidación correspondente ao mes de maio de 2021.

Por outra parte, a disposición derradeira primeira inclúe dúas modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, cunha finalidade eminentemente técnica, para facer posible que os suxeitos pasivos que subscriben acordos de vendas de bens en consigna acollidos á subministración inmediata de información poidan cumprir coa obrigaçión de xestión da nova epígrafe do libro de rexistro de determinadas operacións intracomunitarias previsto no artigo 66.3 do regulamento, a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, desde o día seguinte ao da publicación do presente real decreto no «Boletín Oficial del Estado». Desta forma, por unha parte, régúlase o prazo para subministrar a información destas operacións e, por outra, establécense campos adicionais necesarios que completan a información de rexistro dos bens.

A disposición derradeira segunda modifica o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, para introducir un novo artigo 54 ter, que regula a obrigaçión de informar sobre a cesión de uso de vivendas con fins turísticos, nos mesmos termos do anterior artigo 54 ter, que foi aprobado polo Real decreto 1070/2017, do 29 de decembro, polo que se modifican o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e o Real decreto 1676/2009, do 13 de novembro, polo que se regula o Consello para a Defensa do Contribuínte.

A Sentenza do Tribunal Supremo número 1106/2020, do 23 de xullo, anulou e deixou sen efecto o anterior artigo 54 ter do Regulamento por non terse notificado como «regulamento técnico» á Comisión Europea, durante a tramitación do proxecto do Real decreto 1070/2017, en cumprimento da Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información.

Este precepto establece, con fins de prevención da fraude fiscal, unha obrigaçión de información específica para as persoas ou entidades, en particular as denominadas «plataformas colaborativas», que intermedien na cesión do uso de vivendas con fins turísticos. Quedan excluídos deste concepto o arrendamento ou subarrendamento de vivendas tal e como se definen na Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, e os aloxamentos turísticos regulados pola súa normativa específica como establecementos hoteleiros, aloxamentos no medio rural, albergues e campamentos de turismo, entre outros. Así mesmo, queda excluído o dereito de aproveitamento por quenda de bens inmoables.

A disposición derradeira terceira modifica o Real decreto 1021/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a obrigaçión de identificar a residencia fiscal das persoas que teñan a titularidade ou o control de determinadas contas financeiras e de informar acerca delas no ámbito da asistencia mutua, para introducir un novo parágrafo no artigo 4. Esta modificación obedece á necesidade de manter a obrigaçión de presentar a declaración informativa, mesmo cando non exista información concreta que comunicar, para facilitar o control do cumprimento da obrigaçión de presentar a mencionada declaración informativa.

A disposición derradeira cuarta fai referencia ao título competencial en virtude do cal se dita o presente real decreto.

A disposición derradeira quinta habilita a ministra de Facenda para que se poidan ditar as normas de desenvolvemento necesarias.

Finalmente, a disposición derradeira sexta regula a entrada en vigor deste real decreto.

Este real decreto, de conformidade co preceptuado no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, elaborouse con adecuación aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia.

Deste modo, cumprese cos principios de necesidade e eficacia, por canto a regulación contida neste real decreto é de carácter imprescindible e precisa da súa incorporación ao ordenamento xurídico a través dunha norma de rango regulamentario.

Cumprese tamén co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación necesaria e limitada á consecución dos obxectivos que se pretenden co real decreto.

Respecto ao principio de seguranza xurídica, garantiuse un marco normativo claro, certo e congruente para os diferentes suxeitos afectados.

En canto ao principio de transparencia, o real decreto foi sometido ao trámite de consulta pública e ao trámite de audiencia e información públicas, establecidos nos números 2 e 6 do artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por último, en relación co principio de eficiencia, a norma configurouse de maneira que xere as menores cargas administrativas para os cidadáns, así como os menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos públicos e o pleno respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2021,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto desenvolver o procedemento de presentación e ingreso das autoliquidacións do imposto sobre as transaccións financeiras por parte dos suxeitos pasivos de conformidade co establecido no artigo 8 da Lei do imposto, tanto nos supostos en que as ditas autoliquidacións se presenten e ingresen a través dun depositario central de valores establecido en territorio español como naqueles en que a presentación e o ingreso os realicen directamente os suxeitos pasivos ante a Administración tributaria.

##### Artigo 2. *Supostos de presentación e ingreso das autoliquidacións a través dun depositario central de valores establecido en territorio español.*

1. A presentación e o ingreso das autoliquidacións do imposto serán realizados polos suxeitos pasivos a través dun depositario central de valores establecido en territorio español nos supostos e cos requisitos previstos neste artigo e nos artigos 3 e 4.

En particular:

a) Cando a anotación da adquisición dos valores se efectúe na conta dunha entidade depositaria que, pola súa vez, manteña os ditos valores depositados, directa ou indirectamente, nun sistema de rexistro a cargo dun depositario central de valores establecido en territorio español, encargado pola entidade emisora de levar o rexistro contable deses valores ou que actúe como depositario en virtude dun enlace directo ou indirecto con outro depositario central de valores establecido fóra do territorio español encargado de levar o dito rexistro contable, a presentación e o ingreso das autoliquidacións realizarase conforme o previsto no artigo 3.

Para estes efectos, considerárase que unha entidade depositaria mantén indirectamente depositados os valores nun sistema de rexistro a cargo dun depositario central de valores establecido en territorio español cando tales valores se encontren sucesivamente depositados a través dunha cadea de intermediarios financeiros e o último deles os teña custodiados nun depositario central de valores establecido en territorio español ou

nalgunha das súas entidades participantes, incluídas aquelas entidades participantes que sexan un depositario central de valores establecido fóra do territorio español.

b) Cando a anotación da adquisición dos valores se efectúe na conta dunha entidade depositaria que, pola súa vez, manteña tales valores depositados, directa ou indirectamente, nun sistema de rexistro a cargo dun depositario central de valores establecido fóra do territorio español, salvo que este último actúe en calidade de entidade participante dun depositario central de valores establecido en territorio español, a presentación e o ingreso das autoliquidacións realizarase conforme o previsto no artigo 4.

2. A presentación e o ingreso das autoliquidacións a través dun depositario central de valores establecido en territorio español terán carácter obrigatorio para todas as adquisicións de valores suxeitas, incluídas as exentas, que deban ser obxecto de autoliquidación e ingreso do imposto por parte do suxeito pasivo no período de liquidación, cando concorra calquera das seguintes circunstancias:

a) Que os valores procedentes dalgunha das adquisicións se rexistrasen nunha conta do suxeito pasivo a que se refire a letra a) do artigo 3.

b) Que o suxeito pasivo se acollese a algunha das opcións de presentación e ingreso das autoliquidacións a través dun depositario central de valores establecido en territorio español previstas na letra b) do artigo 3 e no artigo 4.

Se o suxeito pasivo non optase pola presentación a través dun depositario central de valores establecido en territorio español respecto dalgunha das adquisicións comprendidas no ámbito da letra b) do artigo 3 ou das letras a) a c) do número 1 do artigo 4, pero conforme o sinalado nos parágrafos anteriores resultase obrigatoria a autoliquidación e ingreso do imposto correspondente a todas as adquisicións do período de liquidación a través do dito depositario central de valores, o suxeito pasivo designará como entidade participante, para os efectos de proporcionar a información e efectuar o aboamento a que se refire o artigo 5 respecto de tales adquisicións, calquera das entidades participantes ás cales proporcione a información e o aboamento do imposto en relación coas adquisicións comprendidas nas letras a) e b) anteriores.

Cando todas as adquisicións realizadas correspondentes a un período de liquidación se encontren comprendidas no ámbito do artigo 4 e o suxeito pasivo se acollese unicamente á opción de presentación prevista na letra a) do número 1 do dito artigo, deberá designar unha entidade participante no depositario central de valores establecido en territorio español para os efectos de proporcionar a información e efectuar o aboamento a que se refire o artigo 5 respecto daquelas adquisicións que non se encontren comprendidas no ámbito da citada letra a).

A designación da entidade participante a que se refiren os dous parágrafos anteriores non será necesaria para os suxeitos pasivos que teñan a dita condición.

3. Na presentación e ingreso das autoliquidacións entenderase que o depositario central de valores, así como as súas entidades participantes, de ser o caso, actúan por conta e en nome do suxeito pasivo.

**Artigo 3. *Presentación e ingreso das autoliquidacións cando as adquisicións dos valores se anoten en contas vinculadas a un sistema de rexistro a cargo dun depositario central de valores establecido en territorio español.***

Nos supostos previstos na letra a) do número 1 do artigo 2, a presentación e o ingreso das autoliquidacións do imposto realizaranse a través do depositario central de valores establecido en territorio español nos seguintes casos:

a) Cando os suxeitos pasivos, xa actúen por conta propia ou allea, teñan conta no rexistro central do depositario central de valores establecido en territorio español ou teñan conta nos rexistros de detalle dalgunha das entidades participantes no dito depositario central de valores.



b) Cando os suxeitos pasivos non comprendidos na letra a) anterior opten por este procedemento.

Os suxeitos pasivos que exerzan esta opción deberán designar ao menos unha entidade participante no depositario central de valores para os efectos de proporcionar a información e aboar o importe da débeda tributaria, conforme o previsto no artigo 5. Esta entidade participante será aquela cuxas contas no depositario central de valores participen na cadea de custodia dos valores obxecto de adquisición.

No caso de valores rexistrados nas contas de diferentes entidades participantes, o suxeito pasivo poderá designar a todas elas ou unha soa desas entidades, á súa elección, para os efectos de proporcionar toda a información e efectuar o aboamento a que se refire o citado artigo 5.

A opción exercerase mediante comunicación do suxeito pasivo á entidade participante designada, realizada por calquera medio a través do cal quede constancia da súa recepción, e producirá efectos, como mínimo, no período de liquidación mensual seguinte ao mes en que se efectuase a dita comunicación e nos períodos mensuais posteriores mentres non se comunique por igual medio a súa revogación.

*Artigo 4. Presentación e ingreso das autoliquidacións cando as adquisicións dos valores se anoten en contas vinculadas a un sistema de rexistro a cargo dun depositario central de valores establecido fóra do territorio español.*

1. Os suxeitos pasivos poderán optar por presentar e ingresar as autoliquidacións do imposto a través dun depositario central de valores establecido en territorio español nos seguintes casos:

a) Cando resulte de aplicación un acordo de colaboración entre un depositario central de valores establecido en territorio español, e un depositario central de valores establecido fóra do territorio español conforme o establecido no artigo 7. Neste caso, os suxeitos pasivos que exerzan a opción en virtude do dito acordo seguirán, respecto das adquisicións que sexan obxecto de rexistro no dito depositario central de valores establecido fóra do territorio español, o procedemento establecido no número 3 do citado artigo.

b) En ausencia do acordo de colaboración a que se refire a letra a) anterior, cando o depositario central de valores establecido fóra do territorio español figure incluído na conta de terceiros dunha entidade participante nun depositario central de valores establecido en territorio español designado pola entidade emisora para levar o rexistro contable dos valores, e exista un acordo previo para a presentación e o ingreso das autoliquidacións do imposto a través do depositario central de valores establecido en territorio español celebrado entre o depositario central de valores establecido fóra do territorio español e a citada entidade participante.

Neste caso, poderán optar por presentar e ingresar as autoliquidacións do imposto a través do depositario central de valores establecido en territorio español en aplicación do dito acordo, respecto das adquisicións que sexan obxecto de rexistro no depositario central de valores establecido no estranxeiro, aqueles suxeitos pasivos que, xa actúen por conta propia ou por conta allea, teñan conta neste último ou nalgunha das súas entidades participantes.

O exercicio, a revogación e a duración da opción rexeranse polo establecido no artigo 3.

c) Cando os suxeitos pasivos acorden expresamente cunha entidade participante nun depositario central de valores establecido en territorio español a presentación e o ingreso das autoliquidacións correspondentes á totalidade das adquisicións suxeitas ao imposto incluídas no ámbito de aplicación deste artigo a través do dito depositario central de valores.

Non obstante, excluíranse do dito acordo aquelas adquisicións respecto das cales o suxeito pasivo exerce a opción de presentación da autoliquidación e ingreso do imposto

conforme o previsto nas letras a) e b) deste artigo, salvo que decida incluílas nesta opción comunicándollelo ás correspondentes entidades.

O disposto nesta letra c) será igualmente de aplicación cando o suxeito pasivo sexa unha entidade participante nun depositario central de valores establecido en territorio español, caso en que non será necesario o acordo a que se refire o primeiro parágrafo.

2. Nos supostos previstos nas letras b) e c) do número anterior, a presentación e o ingreso das autoliquidacións deberanse efectuar de conformidade co establecido nos artigos 5 e 6.

Para estes efectos, a entidade participante designada deberá ser aquela en que teña a conta o depositario central de valores establecido fóra do territorio español, no suposto da letra b), e aquela coa cal o suxeito pasivo conclúise o acordo, no suposto da letra c).

*Artigo 5. Comunicación de información polo suxeito pasivo ao depositario central de valores e aboamento do importe da débeda tributaria por parte do suxeito pasivo á entidade participante.*

1. Nos supostos en que proceda que un depositario central de valores establecido en territorio español realice a presentación e o ingreso das autoliquidacións, os suxeitos pasivos proporcionarán a este, ben directamente, en caso de ser entidade participante, ou ben por medio da entidade participante en cuxo rexistro de detalle teñan conta ou que designasen, a información prevista no número 2 deste artigo respecto das adquisicións suxeitas ao imposto que realizasen, na forma que determine o depositario central de valores e, en todo caso, antes do inicio do prazo para a presentación da autoliquidación e ingreso do imposto.

Así mesmo, os suxeitos pasivos que non sexan entidades participantes no depositario central de valores deberán aboar o importe da débeda tributaria á entidade participante en cuxo rexistro de detalle teñan conta ou que designasen, con anterioridade ao inicio do prazo para a presentación da autoliquidación e ingreso do imposto.

2. Os suxeitos pasivos deberán remitir os seguintes datos relativos a cada operación suxeita e non exenta ou exenta:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal, se se dispón del, e código LEI ou, na súa falta, código BIC, e domicilio fiscal do suxeito pasivo.

De forma adicional, se o suxeito pasivo non dispón de número de identificación fiscal español, deberán remitirse, para efectos da obtención do código de identificación individual a que se refire o artigo 6.1, cando o suxeito pasivo sexa unha entidade, a data de constitución, data de inscrición ou data do acordo de vontades, segundo corresponda, o país ou territorio de constitución, residencia en España ou no estranxeiro e o tipo de entidade e, se o suxeito pasivo é unha persoa física, a súa data e país de nacemento, xénero e residencia en España ou no estranxeiro.

b) Período de liquidación e exercicio a que se refire.

c) Referencia única que permita identificar a transacción.

d) Suposto dos previstos nos artigos 2.2, 3 e 4 polo cal o suxeito pasivo presenta a autoliquidación a través do depositario central de valores.

e) Indicación de se o suxeito pasivo actúa por conta propia ou allea na adquisición.

f) Determinación de se a operación está suxeita e non exenta ou suxeita e exenta.

g) Número de títulos adquiridos, código ISIN de identificación destes e número de identificación fiscal ou, na súa falta, código LEI, do emisor dos títulos. No caso de que se aplique a regra de determinación da base imponible prevista no número 3 do artigo 5 da Lei do imposto, os datos anteriores referiranse aos títulos adquiridos netos e deberá indicarse, ademais, a data de execución das operacións.

h) Data da liquidación ou, no caso de operacións realizadas á marxe dun centro de negociación, data da anotación rexistral.

i) En caso de operación suxeita e non exenta, regra de determinación da base imponible aplicable.

j) Base imponible da adquisición suxeita e non exenta e, para os casos en que a base imponible da adquisición se calcule de conformidade co número 3 do artigo 5 da Lei do imposto, indicación do número de títulos adquiridos e vendidos e do total das contraprestacións das correspondentes adquisicións.

k) Para cada adquisición exenta, importe da adquisición e suposto, ou supostos, de exención aplicable.

l) Cota tributaria correspondente á operación.

**Artigo 6. *Presentación e ingreso das autoliquidacións polo depositario central de valores ante a Administración tributaria.***

1. O depositario central de valores deberá presentar, no prazo comprendido entre os días dez e vinte do mes seguinte ao correspondente período de liquidación mensual, en nome e por conta de cada suxeito pasivo que efectuase a comunicación e o aboamento a que se refire o artigo 5, unha autoliquidación do imposto na forma que determine a ministra de Facenda.

A autoliquidación incluíra a información a que se refire o artigo 5.2, así como, no caso de que o suxeito pasivo non dispoña de número de identificación fiscal, o código de identificación individual que lle asigne a Administración tributaria para os únicos efectos da presentación e ingreso da autoliquidación e, en todo caso, a data en que o suxeito pasivo realizou a comunicación da información a que se refire o artigo 5.1 ao depositario central de valores e en que se lle aboou o importe da débeda tributaria á entidade participante. Para tal efecto, a entidade participante deberá comunicar ao depositario central de valores as citadas datas ao tempo que comunica a información a que se refire o artigo 5.2.

A información que se inclúa na autoliquidación presentarase de maneira individualizada para cada operación ou de maneira agregada para un conxunto de operacións, nos termos que determine a ministra de Facenda.

2. No mesmo prazo sinalado no número 1 anterior, o depositario central de valores ingresará a débeda tributaria correspondente ás autoliquidacións nos termos que determine a ministra de Facenda.

**Artigo 7. *Acordos de colaboración con outros depositarios centrais de valores.***

1. No suposto a que se refire a letra a) do número 1 do artigo 4, a presentación e o ingreso das autoliquidacións do imposto poderán realizarse a través dun depositario central de valores establecido en territorio español cando este subscriba un acordo de colaboración co depositario central de valores non establecido en territorio español para estes efectos e nos termos previstos neste artigo.

2. Os acordos de colaboración poderán subscribirse cos depositarios centrais de valores non establecidos en territorio español cando concorran as seguintes condicións:

a) Que estean establecidos na Unión Europea ou nun terceiro Estado recoñecido para prestar servizos na Unión Europea.

b) Que non teñan un enlace directo cun depositario central de valores establecido en territorio español.

c) Que nos seus sistemas de rexistro se efectúen as anotacións rexistradas de operacións sobre valores sometidas ao imposto, cando fosen designados polo emisor para levar o rexistro contable dos valores ou cando dispoñan dun enlace, directo ou indirecto, co depositario central de valores designado polo emisor.

3. A partir da data en que resulten aplicables os citados acordos, a presentación e o ingreso das autoliquidacións efectuaranse conforme o previsto nos artigos 5 e 6, coas seguintes especialidades:

a) A aplicación deste procedemento terá carácter opcional para o suxeito pasivo.

b) O suxeito pasivo deberá comunicar a información e efectuar o aboamento da débeda tributaria a que se refire o artigo 5 ao depositario central de valores non establecido,



e este, pola súa vez, a un depositario de central de valores establecido en territorio español na forma que determine este último depositario central de valores e, en todo caso, antes do inicio do prazo para a presentación da autoliquidación e ingreso do imposto.

*Artigo 8. Presentación e ingreso da autoliquidación polo suxeito pasivo.*

Nos supostos en que non proceda que un depositario central de valores establecido en territorio español realice a presentación e o ingreso da autoliquidación, en nome e por conta do suxeito pasivo, o suxeito pasivo deberá presentar, no prazo comprendido entre os días dez e vinte do mes seguinte ao correspondente período de liquidación mensual, unha autoliquidación do imposto e ingresar a débeda tributaria na forma que determine a ministra de Facenda.

A autoliquidación incluírá a información a que se refire o artigo 5.2, así como, naqueles casos en que o suxeito pasivo non dispoña de número de identificación fiscal, o código de identificación individual que lle asigne a Administración tributaria para os únicos efectos da presentación e ingreso da autoliquidación, coas especialidades que, de ser o caso, estableza a ministra de Facenda.

*Artigo 9. Data de liquidación das operacións.*

Para os efectos da liquidación do imposto, considerarase que a data de liquidación das operacións é a data efectiva de liquidación. Non obstante, os suxeitos pasivos poderán optar por considerar como data de liquidación a data teórica de liquidación, a cal será, tratándose de operacións realizadas en centros de negociación, o segundo día hábil posterior á data de execución da operación, sen prexuízo das rectificacións que procedan en caso de que, como consecuencia de incumprimentos na liquidación dos valores, as operacións non chegasen a liquidarse.

A opción pola data teórica de liquidación poderase efectuar unicamente na primeira autoliquidación que deba presentar o suxeito pasivo en cada ano natural e producirá efectos ao menos durante ese ano, e nos sucesivos mentres non se renuncie a ela.

A renuncia á opción pola data teórica de liquidación poderase efectuar unicamente na primeira autoliquidación que deba presentar o suxeito pasivo en cada ano natural.

Nos casos en que proceda realizar a presentación e o ingreso da autoliquidación a través dun depositario central de valores establecido en territorio español, a opción ou renuncia a que se refiren os parágrafos anteriores deberá ser comunicada polo suxeito pasivo, a través, de ser o caso, das entidades participantes, ao dito depositario central de valores na forma que este determine e, en todo caso, antes do inicio do prazo para a presentación e ingreso da autoliquidación en que deba constar a citada opción ou renuncia.

O exercicio da opción pola data teórica de liquidación ou a súa renuncia en ningún caso comportará que algunha operación quede sen computar ou que se compute en máis dunha autoliquidación.

*Artigo 10. Procedemento especial de rectificación de operacións declaradas en autoliquidacións anteriores.*

Cando, en relación cunha operación que dese lugar ao ingreso de cota tributaria polo imposto, o suxeito pasivo constate un erro ou outras circunstancias polas cales deba ser obxecto de rectificación, e diso derive a improcedencia ou un exceso da cota tributaria ingresada pola dita operación, o suxeito pasivo poderá efectuar a rectificación da operación nalgunha autoliquidación do imposto que se presente dentro do prazo dos catro anos seguintes á data do ingreso da citada cota tributaria, minorando a dita cota ou exceso do importe da cota a ingresar correspondente á autoliquidación en que se efectúe a rectificación, sen que en ningún caso o resultado desta última poida ser negativo. A ministra de Facenda determinará a información que deba incluírse na autoliquidación en relación coa operación que se rectifica.

O procedemento de rectificación de operacións a que se refire o parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das facultades de comprobación que corresponden á Administración tributaria dirixidas a determinar a correcta liquidación do imposto.

As rectificacións efectuadas conforme o disposto no primeiro parágrafo deste artigo serán incompatibles coa solicitude de rectificación de autoliquidacións prevista nos artigos 126 a 128 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polos mesmos feitos e circunstancias que xustificaron a rectificación a que se refire o primeiro parágrafo deste artigo.

Disposición adicional primeira. *Conservación da información con transcendencia tributaria.*

De conformidade co disposto no artigo 8.5 da Lei do imposto, o depositario central de valores e as súas entidades participantes deberán conservar e manter á disposición da Administración tributaria toda a documentación que conteña a información prevista no artigo 5, así como a que acredite todos os ingresos que efectuasen todos os intervenientes no procedemento de presentación e ingreso das autoliquidacións, durante o prazo sinalado no artigo 70.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición adicional segunda. *Publicación de lista de sociedades cuxas accións se someten a gravame.*

A Axencia Estatal de Administración Tributaria publicará na súa sede electrónica no mes de decembro de cada ano, con efectos meramente informativos para a aplicación do imposto no ano inmediato seguinte, unha lista de sociedades cuxas accións estarán suxeitas a gravame de acordo co disposto nas letras a) e b) do número 1 do artigo 2 da Lei do imposto. Esta lista terá carácter indicativo, sen que a ausencia nela dunha sociedade que reúna as condicións a que se refiren esas letras exclúa a aplicación do imposto.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, a Sociedade de Bolsas deberá comunicar á Administración tributaria, nos dez primeiros días naturais do mes de decembro de cada ano, a relación de sociedades de nacionalidade española cotizadas nos mercados secundarios oficiais españois cuxo valor de capitalización bolsista en 1 de decembro do mesmo ano sexa superior a 1.000 millóns de euros.

Esta comunicación efectuarase a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria e comprenderá a denominación completa ou razón social da sociedade, o seu número de identificación fiscal, código ISIN de cada clase de accións e o valor de capitalización bolsista da sociedade en 1 de decembro.

Disposición transitoria única. *Primeiras autoliquidacións do imposto.*

A presentación das autoliquidacións correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2021, así como o ingreso das respectivas débedas tributarias, efectuaranse no prazo para a presentación e o ingreso da autoliquidación correspondente ao mes de maio de 2021.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro:

Un. Modifícase a letra B) do número 2 do artigo 66, que queda redactada do seguinte modo:

«B) En relación coas operacións referidas no ordinal 3.º do número anterior:

a) O vendedor deberá facer constar os seguintes datos:

1.º O Estado membro a partir do cal foron expedidos ou transportados os bens e a data de expedición ou transporte dos bens.

2.º O número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido do empresario ou profesional a que van destinados os bens, asignado polo Estado membro a que se expiden ou transportan os bens.

3.º O Estado membro a que se expiden ou transportan os bens, o número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido do depositario dos bens cando este é distinto do empresario ou profesional mencionado no ordinal 2.º anterior, o enderezo do almacén en que se almacenan os bens tras a súa chegada e a data de chegada dos bens ao almacén.

4.º O valor, a descrición e a cantidade dos bens que chegaron ao almacén.

5.º O número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido do empresario ou profesional a que se refire o número tres, segundo parágrafo, letra a'), do artigo 9 bis da Lei do imposto, que substitúe o empresario ou profesional a que inicialmente foron destinados os bens e a data en que teña lugar a substitución.

6.º Descrición, base imponible determinada conforme os artigos 78 e 79 da Lei do imposto, cantidade e prezo unitario dos bens entregados nas condicións sinaladas no primeiro guión do número dous do artigo 9 bis da Lei do imposto, data da dita entrega e número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido do empresario ou profesional adquirente.

7.º Descrición, base imponible determinada conforme os artigos 78 e 79 da Lei do imposto, cantidade e prezo unitario dos bens transferidos nas condicións sinaladas no primeiro parágrafo do número tres do artigo 9 bis da Lei do imposto, data en que tiveron lugar as condicións que motivaron a dita transferencia de bens e o motivo polo cal se produciu.

8.º Descrición, cantidade e valor dos bens devoltos nas condicións sinaladas no número tres, segundo parágrafo, letra b'), do artigo 9 bis da Lei do imposto, así como a data da devolución.

b) O empresario ou profesional a quen van destinados os bens e os que substitúan aquel deberán facer constar os seguintes datos:

1.º O número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido do vendedor que transmita os bens no marco dun acordo de vendas de bens en consigna.

2.º A descrición e cantidade dos bens enviados para ser postos á súa disposición.

3.º A data de chegada ao almacén dos bens enviados para seren postos á súa disposición.

4.º Descrición, base imponible determinada conforme os artigos 78 e 79 da Lei do imposto, cantidade e prezo unitario dos bens adquiridos e data en que se realiza a adquisición intracomunitaria de bens prevista no segundo guión do número dous do artigo 9 bis da Lei do imposto.

5.º Descrición, cantidade e valor dos bens que son retirados do almacén polo vendedor e deixan de estar á súa disposición, así como a data en que aqueles se retiran.

6.º Descrición, cantidade e valor dos bens destruídos ou desaparecidos do almacén e a data en que se produce ou se descobre a destrución, perda ou roubo dos bens.

Non obstante, este empresario ou profesional só deberá anotar os datos citados nos ordinais 1.º, 2.º e 4.º anteriores, cando os bens se expidan ou transporten para o seu depósito a un empresario ou profesional distinto del mesmo.»

Dous. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 69 bis, que queda redactada do seguinte modo:

«c) A información das operacións a que se refire o artigo 66.1, ordinais 1.º e 2.º, deste regulamento, nun prazo de catro días naturais, desde o momento de inicio da expedición ou transporte, ou, de ser o caso, desde o momento da recepción dos bens a que se refiren.

A información das operacións a que se refire o artigo 66.1, ordinal 3.º, deste regulamento, antes do día 16 do mes seguinte á data de chegada dos bens ao almacén, da posta á disposición do adquirente ou da operación que deba rexistrarse.»

**Disposición derradeira segunda.** *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.*

Introdúcese un novo artigo 54 ter no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 54 ter. *Obrigación de informar sobre a cesión de uso de vivendas con fins turísticos.*

1. As persoas e entidades que intermedien entre os cedentes e os cesionarios do uso de vivendas con fins turísticos situadas en territorio español nos termos establecidos no punto seguinte estarán obrigadas a presentar periodicamente unha declaración informativa das cesións de uso en que intermedien.

2. Para os exclusivos efectos da declaración informativa prevista neste artigo, enténdese por cesión de uso de vivendas con fins turísticos a cesión temporal de uso da totalidade ou de parte dunha vivenda amoblada e equipada en condicións de uso inmediato, calquera que sexa a canle a través da cal se comercialice ou promocióne e realizada con finalidade gratuíta ou onerosa.

En todo caso, quedan excluídos deste concepto:

a) Os arrendamentos de vivenda tal e como aparecen definidos na Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, así como o subarrendamento parcial de vivenda a que se refire o artigo 8 da mesma norma legal.

b) Os aloxamentos turísticos que se rexen pola súa normativa específica.

Para estes efectos, non terán a consideración de excluídas as cesións temporais de uso de vivenda a que se refire o artigo 5.e) da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, con independencia do cumprimento ou non do réxime específico derivado da súa normativa sectorial a que estivese sometido.

c) O dereito de aproveitamento por quenda de bens inmobles.

d) Os usos e contratos do artigo 5 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, salvo aquelas cesións a que se refire a letra e) deste artigo.

3. Para os efectos previstos no número 1, terán a consideración de intermediarios todas as persoas ou entidades que presten o servizo de intermediación entre cedente e cesionario do uso a que se refire o número anterior, xa sexa a título oneroso ou gratuíto.

En particular, terán esa consideración as persoas ou entidades que, constituídas como plataformas colaborativas, intermedien na cesión de uso a que se refire o número anterior e teñan a consideración de prestador de servizos da sociedade da información nos termos a que se refire a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, con independencia de que presten ou non o servizo subxacente obxecto de intermediación ou de que se

impoñan condicións aos cedentes ou cesionarios tales como prezo, seguros, prazos ou outras condicións contractuais.

4. A declaración informativa conterá os seguintes datos:

a) Identificación do titular da vivenda cedida con fins turísticos, así como do titular do dereito en virtude do cal se cede a vivenda con fins turísticos, de seren distintos.

A identificación realizarase mediante nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, e número de identificación fiscal ou nos termos da orde ministerial pola que se aprobe o modelo de declaración correspondente.

Para estes efectos, consideraranse titulares do dereito obxecto de cesión aqueles que o sexan do dereito da propiedade, contratos de multipropiedade, propiedade a tempo parcial ou fórmulas similares, arrendamento ou subarrendamento ou calquera outro dereito de uso ou desfrute sobre as vivendas cedidas con fins turísticos, que sexan cedentes, en última instancia, do uso da vivenda citada.

b) Identificación do inmovible con especificación do número de referencia catastral ou nos termos da orde ministerial pola cal se aprobe o modelo de declaración correspondente.

c) Identificación das persoas ou entidades cesionarias, así como o número de días de desfrute da vivenda con fins turísticos.

A identificación realizarase mediante nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, e número de identificación fiscal ou nos termos da orde ministerial pola cal se aprobe o modelo de declaración correspondente.

Para estes efectos, os cedentes do uso da vivenda con fins turísticos deberán conservar unha copia do documento de identificación das persoas beneficiarias do servizo, anteriormente sinalado.

d) Importe percibido polo titular cedente do uso da vivenda con fins turísticos ou, de ser o caso, indicación do seu carácter gratuíto.

5. A orde ministerial pola cal se aprobe o modelo de declaración correspondente establecerá o prazo de presentación e conterá a información a que se refire o número anterior, así como calquera outro dato relevante para o efecto para concretar aquela información.»

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación do Real decreto 1021/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a obriga de identificar a residencia fiscal das persoas que teñan a titularidade ou o control de determinadas contas financeiras e de informar acerca delas no ámbito da asistencia mutua.*

Modifícase o artigo 4 do Real decreto 1021/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a obriga de identificar a residencia fiscal das persoas que teñan a titularidade ou o control de determinadas contas financeiras e de informar acerca delas no ámbito da asistencia mutua, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 4. *Obrigación de información.*

Conforme o artigo 30.2 do Regulamento xeral das actuacións e procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado mediante o Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, as institucións financeiras estarán obrigadas a presentar unha declaración informativa cando as persoas que teñan a titularidade ou o control das contas financeiras sexan residentes fiscais nalgún dos seguintes países ou xurisdicións:

a) Outro Estado membro da Unión Europea, calquera territorio a que sexa de aplicación a Directiva 2011/16/UE modificada pola Directiva 2014/107/UE do Consello, do 9 de decembro de 2014, polo que se refire á obrigatoriedade do



intercambio automático de información no ámbito da fiscalidade, ou calquera outro país ou xurisdición co cal a Unión Europea subscribise un acordo en virtude do cal o país ou xurisdición deba facilitar a información especificada no artigo 5 deste real decreto.

b) Outro país ou xurisdición respecto do cal producise efectos o Acordo multilateral entre autoridades competentes sobre intercambio automático de información de contas financeiras con que exista reciprocidade no intercambio de información.

c) Calquera outro país ou xurisdición co cal España subscribise un acordo en virtude do cal o país ou xurisdición deba facilitar a información especificada no artigo 5 deste real decreto conforme o disposto neste real decreto, con que exista reciprocidade no intercambio de información.

Esta declaración informativa terá carácter anual e efectuarase na forma, lugar e prazo que se determine por orde da ministra de Facenda, na cal se incluírá a lista dos países ou xurisdicións a que se refiren as letras a), b) e c) deste artigo, así como aquelas que se consideren participantes para os efectos do disposto neste real decreto.

Non obstante, as institucións financeiras estarán igualmente obrigadas a presentar a citada declaración informativa, mesmo cando, tras a aplicación das normas de dilixencia debida contidas no anexo deste real decreto, conclúan que non existen contas suxeitas a comunicación de información de conformidade coa alínea D da sección VIII do citado anexo, nos termos e na forma que se establezan na orde mencionada anteriormente.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira quinta. *Autorización á ministra de Facenda.*

Autorízase a ministra de Facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será aplicable con efectos retroactivos desde o 16 de xaneiro de 2021.

2. Non obstante o disposto no número 1 anterior:

a) A disposición derradeira primeira entrará en vigor o día seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

b) A disposición derradeira segunda entrará en vigor o mes seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

c) A disposición derradeira terceira entrará en vigor o día seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado», e será de aplicación ás declaracións informativas que haxa que presentar a partir do 1 de xaneiro de 2022 respecto da información relativa ao ano inmediato anterior.

Dado en Madrid o 25 de maio de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Facenda,  
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO